

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D. Xosé Luis Fernández Segade

D. Antonio Orois Valiño

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D<sup>a</sup> Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D<sup>a</sup>. Begoña Balado Conde

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López-Soldado

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Olga Castro Fernández

**ACTA**

En Arzúa, a 9 de setembro de 2014.

Sendo as 20.10 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA:

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS DAS DÚAS ÚLTIMAS SESIÓN, CELEBRADAS OS DÍAS 26 DE MAIO***

***E 27 DE XUÑO DE 2014.***

Polo Sr. alcalde preguntouse se algún membro da Corporación Local tiña que formular algunha observación, con respecto ás actas de ditas sesións.

Manifestando o Sr. Orois Valiño (do PP) que á sesión celebrada o día 26 de maio non puido asistir; e que, con respecto a acta da sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, quere facer constar que houbo unha intervención do alcalde, con motivo da moción que presentou o grupo político do Partido Popular, sobre a imputación, polo Xulgado de Instrucción nº 1 de Lugo, do Sr. alcalde e doutros membros do actual goberno e do anterior, en relación cun presunto delito de prevaricación/malversación de fondos; en cuxa intervención, o alcalde leu unhas declaracións prestadas ante o Seprona, as cales non constan na acta, e quixera que constasen, porque culpabilizábano de certas cousas que non foron certas.

Intervén entón o Sr. alcalde para manifestar:

- Que no que leu non se culpabilizaba a ninguén.
- Que dixo que o informe que o Partido Popular trouxo ao Pleno non o coñecía, e cando o puido coñecer foi o día anterior a través dos medios de información.
- Que non sabía se ese informe se mandara ou non ao Seprona.

- Que leu textualmente o que poñía no sumario e non hai motivo para que a xente entenda outra cousa.

Manifestando o secretario que, como non se pode modificar o fondo dos acordos adoptados; e o acordo adoptado nesa sesión, en relación con ese punto, foi simplemente o de quedar enterada a Corporación Municipal das explicacións dadas polo Sr. alcalde; consideraba que –se non houberse outras observacións con respecto á acta do día 27 de xuño- poderíase aprobar ese acta, coa matización de recoller agora o texto do escrito que leu o alcalde, se así se acorda; porque aínda que se inclúa ese texto non modificaría o fondo do asunto.

E como resulta que non se fixo ningún outro pronunciamento, cabe entender -respecto ás dúas actas que son obxecto de aprobación neste primeiro punto da Orde do día desta sesión-:

\* Que a acta da sesión celebrada polo Pleno do Concello o día 26 de maio de 2014, quedou aprobada por unanimidade dos doce membros da Corporación Local asistentes a dita sesión.

\* Que a acta da sesión celebrada polo Pleno do Concello o día 27 de xuño de 2014, quedou aprobada por unanimidade dos trece membros da Corporación Local asistentes a dita sesión; pero coa matización de que se inclúa o texto do escrito que leu o Sr. alcalde cuando tratouse da moción antes indicada, que presentou o grupo político do Partido Popular; para o cual polo secretario oírse o contido da cinta onde se grabou o desenvolvemento daquela sesión.

Polo que, unha vez escoitada a cinta grabada, procedeuse a comprobar que a intervención do Sr. alcalde a que se referiu o Sr. Orois Valiño foi a seguinte:

- Que se abriron ao público dous tomos da Axencia Tributaria, sobre as piscinas de Arzúa, nos cales consta o seguinte párrafo “*segundo a opinión do Sr. Orois Valiño, o Sr. García Couso optaba polos informes segundo a súa conveniencia, polo que en relación coa concesión a Aquagests S.A. se poida considerar...*”

- Que estas palabras estanse poñendo na boca do Sr. Orois Valiño.

(Contestando ao respecto, naquel momento, o Sr. Orois Valiño que esto non ten nada que ver co tema que estamos tratando).

Seguiu entón lendo o Sr. alcalde: “*Don Antonio Orois Valiño preguntase se había algún interese especial...*”

E engade: non tiña pensado sacar esto, pero tampouco quere quedar como culpable, porque aproveitouse moito desde o principio en dicir que había un pacto co Partido Popular. O tempo porá a cada un no seu sitio; e agora imos a pasar ao tema que nos ocupa.

**Punto 2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2013.-**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 27 de maio de 2014.

*“Pola presidenta da Comisión especial de Contas, Sra. Torreiro González, exponse:*

*- Que as entidades locais como xestores de fondos públicos teñen a obriga de informar e xustificar a actividade económico-financeira realizada durante o exercicio económico; para iso, teñen a obriga legal de elaborar as súas contas anuais que reflectan a forma na que se desenvolveu esta actividade.*

*- Que a conta xeral é un conxunto de documentos e estados, que a entidade local ten que elaborar ao final de cada ano, para informar sobre:*

*• Situación do patrimonio, é dicir, a situación dos bens e dereitos da entidade local, do seu financiamento e dos seus préstamos e débedas ao final do ano.*

*• Os gastos, ingresos, beneficios e perdas da entidade local, durante o ano ao que se refire a conta xeral.*

*• Como se executou o orzamento da entidade local; é dicir, ofrece información sobre canto e en que se gastaron os recursos que se obtiveron nese ano, cantos recursos se obtiveron no ano e cales foron eses recursos. Tamén se informa sobre a forma na que se realizaron eses gastos e ingresos.*

*- Que os documentos que, fundamentalmente, ofrecen información sobre os resultados da actividade económica das entidades locais e das súas entidades dependentes, son as contas anuais que están formadas polos seguintes estados:*

*• Balance de situación: reflicte a situación e variación do patrimonio.*

*• Conta do resultado económico-patrimonial: reflicte os ingresos e gastos económicos e o seu resultado.*

*• Liquidación do orzamento: reflicte a execución do orzamento dunha entidade local.*

*• Memoria: completa e aclara a información que se contén nos estados anteriores.*

*- Que a conta xeral deberá ser aprobada polo Pleno da Corporación e posteriormente remitida, para a súa fiscalización externa, aos órganos- de control externo.*

*Deseguido emitíronse as seguintes opinións:*

*\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que está mirando o expediente con máis detemento, e se ten algunha dúbida planteará que lle sexa aclarada antes da sesión do Pleno onde se teña que aprobar a conta xeral.*

*\* Da Sra. Castro Pampín (do PP) para expresar que, aínda que cabe imaxinar que non hai ningún problema na confección desta conta xeral, en canto ao pronunciamento que ten que facer a Comisión especial de Contas, o grupo político do Partido Popular vaise abster xa que aínda hai un período de exposición ao público para presentar observacións.*

*Tras o exposto, a presidenta desta Comisión especial de Contas, someteu a votación ordinaria a proposta de aprobación polo Pleno da conta xeral.*

*Adoptándose -por 3 votos a favor (dos concelleiros do BNG), coa abstención dos tres concelleiros do PP e da concelleira do PSdeG-PSOE- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a aprobación da conta xeral do exercicio 2013; se ben, con carácter previo, será exposta ao público por quince días, durante os cales e oito mais se poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, conforme dispón o artigo 212 nº 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.”.*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que despois de revisar o expediente da conta xeral, non encontrou ningunha anomalía, polo que votará a favor da súa aprobación.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que o grupo político do Partido Popular absterase na votación deste asunto.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do grupo político do PP- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobación da conta xeral do exercicio económico 2013.

**Segundo.**- Remitir esta conta ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 212 nº 5 do Real Decreto Lexislativo de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### ***Punto 3º) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2014.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 4 de setembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Pola presidenta da Comisión especial de Contas, Sra. Torreiro González (do BNG) informase que debido a que Fenosa presentou no presente ano unha factura procedente do exercicio económico anterior (de data 22 de decembro de 2013), houbo que tramitar este expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, para poder imputar esa factura ao orzamento municipal do presente exercicio, debendo ser*

*aprobado dito expediente polo Pleno do Concello ao non haber dotación orzamentaria.*

*Sendo esta factura a presentada por Gas Natural Servicios S.D.G., S.A. con data 7 de xullo de 2014, por importe de 547,03 euros, polo concepto de subministro de enerxía eléctrica para o pabellón polideportivo sito na rúa Piñeiral.*

*Manifestando ao respecto:*

*- A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que son gastos comprometidos que hai que pagar.*

*- A Sra. Castro Pampín (do PP) que a postura do grupo político do Partido Popular nesta sesión, tratándose deste tipo de expedientes, vai ser a de absterse.*

*E sendo sometido pola presidenta este expediente a votación ordinaria para a súa aprobación:*

*Adoptouse --por catro votos a favor (3 do BNG --Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade- e 1 da concelleira Sra. Balado Conde do PSdeG-PSOE), coa abstención dos tres concelleiros do PP (Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez)-- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación."*

---

Coñecido que a única factura pendente de pago foi a que quedou descrita na providencia do alcalde de data 6 de agosto de 2014, pola que se decidiu a instrución do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Previa a apertura polo Sr. alcalde dunha rolda de intervencións, emitíronse as seguintes opinións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que se remite ao que dixo na sesión da Comisión especial de Contas, e considera que a aprobación deste expediente non supón ningún problema.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que dende o grupo político do Partido Popular ratificamos o que expresaran na sesión da Comisión especial de Contas.

Tras o exposto, polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria

Adoptándose --por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros PP- o acordo de recoñecer a obriga á que se refire este expediente e que figura descrita no mesmo, polo importe que quedou indicado; dispoñendo que se efectue o pago da mesma.

***Punto 4º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2014.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 4 de setembro de 2014; no seguinte sentido:

*"Pola presidenta desta Comisión especial de Contas, Sra. Torreiro González (do BNG), infórmase:*

- *Que, como consecuencia da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio 2013, temos un remanente líquido de tesourería por importe de 96.870,90 euros, que –segundo o disposto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira- deberá destinarse a reducir o nivel de endebedamento neto.*

- *Que, porén, a Disposición Adicional Sexta de dita lei (introducida pola Lei Orgánica 9/2013) permite, en determinadas condicións, destinar o remanente de tesourería para gastos xerais para financiar investimentos financeiramente sostibles.*

- *Que os investimentos financeiramente sostibles propostos, a través da memoria da Alcaldía, son os incluídos nos seguintes dous proxectos técnicos:*

- *“Reposición e mellora de pavimentos no contorno do Campo da Feira”, por un orzamento de execución por contrata de 51.339,08 euros.*

- *“Acceso en Vilamoura (Oins)”, por un orzamento total de 18.888,87 euros.*

- *Que, para poder destinar unha parte do remanente de tesourería á execución deses dous proxectos técnicos, hai que reunir unha serie de requisitos que figuran detallados no informe de intervención, e eses requisitos neste Concello se cumpren.*

- *Que como xa existe unha partida orzamentaria, concretamente a 155.619.01 nomeada “Vías públicas. Outras infraestruturas de reposición”, trataríase de suplementar esa partida co importe de 70.227,95 euros, a que ascende a suma do orzamento dos dous proxectos indicados.*

- *Que as obras propostas teñen que facerse necesariamente dentro do presente ano.*

*Manifestando ao respecto:*

- *A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que, como quere mirar máis detidamente a documentación que integra este expediente, vaise abster agora na votación deste asunto.*

- *A Sra. Castro Pampín (do PP) que como xa dixo cando se tratou sobre o anterior asunto da orde do día, a postura do seu grupo político na sesión da comisión informativa vai ser a de absterse.*

*E sendo sometido pola presidenta este expediente a votación ordinaria para a súa aprobación:*

*Adoptouse --por catro votos a favor (3 do BNG –Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade- e 1 da concelleira Sra. Balado Conde do PSdeG-PSOE), coa abstención dos tres concelleiros do PP (Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez)-- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación.*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer que está de acordo con que se vaían a realizar as obras de infraestruturas contidas nos dous proxectos técnicos indicados, aínda que considera que tamén hai outras obras bastante necesarias.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer que o grupo político do Partido Popular ratifica o manifestado polos concelleiros que representaban a dito grupo na sesión da Comisión especial de Contas, e por tanto vanse abster na votación deste asunto.

Tras todo o exposto o alcalde sometiu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, coa finalidade de suplementar a partida orzamentaria 155.619,01 “*Vías públicas. Outras infraestruturas*”, cun importe de 70.227,95 euros, co obxecto de poder contratar a execución das obras nomeadas “**Reposición e mellora de pavimentos no contorno do Campo da Feira**”, por un orzamento de execución por contrata de 51.339,08 euros e “**Acceso en Vilamoura (Oins)**”, por un orzamento total de 18.888,87 euros; e iso, con cargo a unha parte do remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio económico, que ascendía a un total de 96.870,90 euros.

**Segundo.**- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro.**- Que –no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento do crédito agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

***Punto 5º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2014.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 4 de setembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Pola presidenta desta Comisión especial de Cotnas, Sra. Torreiro González (do BNG), informase que a diferenza deste expediente co anterior (sobre suplemento de crédito) está en que se trataría de crear unha partida orzamentaria, en concreto a 171.619.00 nomeada “Parques e xardíns. Outras infraestruturas”, para poder realizar o investimento considerado financeiramente sostible, consistente na “Reparación e mellora da área recreativa de Ribadiso”, por un orzamento de execución por contrata de 26.642,94 euros, tamén con cargo ao remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio 2013.*

*Realizándose ao respecto as mesmas manifestacións que no punto anterior, por parte da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE ) e por parte da Sra. Castro Pampin (do PP).*

*Polo que sometido pola presidenta este expediente a votación ordinaria para a súa aprobación.*

*Adoptouse --por catro votos a favor (3 do BNG --Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade- e 1 da concelleira Sra. Balado Conde do PSdeG-PSOE), coa abstención dos tres concelleiros do PP (Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez)-- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer que mantén a mesma postura que cando se tratou do expediente sobre suplemento de crédito, incluído no punto anterior; é dicir, que está de acordo con que se realice esa obra, aínda que tamén hai outras bastantes necesarias.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer que o grupo político do Partido Popular vai manter tamén o mesmo criterio que cando se tratou do expediente sobre suplemento de crédito e, en consecuencia, vanse abster na votación deste asunto.

Tras todo o exposto o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de concesión de crédito extraordinario, coa finalidade de crear a aplicación orzamentaria 171.619.00 “Parques e xardíns. Outras infraestruturas”, dotandoa de crédito por importe de 26.642,94 euros, co obxecto de poder contratar a execución da obra nomeada “**Reparación e mellora da área recreativa de Ribadiso**”; e iso, con



cargo a unha parte do remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio económico, que ascendía a un total de 96.870,90 euros.

**Segundo.**- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro.**- Que –no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón da concesión de crédito extraordinario agora aprobada, a efectos de que poida entrar en vigor.

**Cuarto.**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

***Punto 6º) ADHESIÓN AO PUNTO XERAL DE ENTRADA DE FACTURAS ELECTRÓNICAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 4 de setembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Pola presidenta desta Comisión especial de Contas, Sra. Torreiro González (do BNG) infórmase:*

*• Que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional 5ª da Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e Creación do rexistro contable de facturas do sector público, a partir do vindeiro ano as facturas terán que presentalas por medios telemáticos, a través do portal electrónico establecido ao efecto.*

*• Que, aínda que non sabemos moito sobre como se vai levar á práctica esta disposición, consideramos que podemos ensamblalo co sistema que temos implantado pola Deputación Provincial para o soporte contable, por canto que esa aplicación de contabilidade da Deputación Provincial interrelacionará co Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado.*

*• Que por iso propónse a adopción dos dous acordos que figuran na proposta da Alcaldía, de data 26 de agosto de 2014:*

*Un.- A adhesión á plataforma electrónica “FACE-Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas” da Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, prevista na Lei 25/2013, de 27 de*

*decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.*

*Outro.- Aceptar na súa integridade as condicións de uso da plataforma, determinadas pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.*

*Pregunta a Sra. Castro Pampín (do PP), sobre a obrigatoriedade desta medida.*

*Manifestando a interventora:*

*-Que as entidades locais poderán ter o seu propio punto de entrada de facturas electrónicas, o adherirse ao da Deputación Provincial, Comunidade Autónoma ou Estado.*

*-Que a aplicación contable que subministra a Deputación Provincial (que está desenvolvendo un modulo de integración entre a contabilidade e o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado) sería a vía á que nos acolleríamos para dar cumprimento á obriga de dispoñer dun punto de entrada de facturas electrónicas.*

*Tras todo o exposto, a presidenta someteu a votación ordinaria a conveniencia de que o Pleno do Concello adopte os dous acordos que contén a proposta do Sr. alcalde.*

*Pronunciándose os sete concelleiros que integran esta Comisión especial de Contas a favor de que o Pleno adopte eses dous acordos antes indicados, en relación coa obrigatoriedade de establecer nesta entidade local un punto xeral de entrada de facturas electrónicas.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer que considera que sería bo formalizar esa adhesión, porque se non o facemos sería máis costoso para o Concello establecer o seu propio posto de entrada de facturas electrónicas.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que o grupo político do Partido Popular tamén apoia a adhesión.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria os dous puntos que contén a súa proposta.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar a adhesión á plataforma electrónica “FACE- Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas” da Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, prevista na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e Creación do rexistro contable de facturas no sector público.

**Segundo.**- Aceptar na súa integridade as condicións de uso da plataforma, determinadas pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**Terceiro.**- E, como consecuencia dos dous acordos anteriores, tamén se acorda dar traslado dunha certificación deste acordo á Secretaria de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

**Punto 7º) APROBACIÓN DOS PROXECTOS TÉCNICOS NOMEADOS: “ACCESO EN VILAMOURA (OINS)”, “REPARACIÓN E MELLORA DA ÁREA RECREATIVA DE RIBADISO” E “OBRAS DE REPOSICIÓN E MELLORA DE PAVIMENTOS NO CONTORNO DO CAMPO DA FEIRA DE ARZÚA”.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 4 de setembro de 2014; no seguinte sentido:

*“A presidenta desta comisión, Sra. Varela Duro (BNG), explica en que consistirán as actuacións que se inclúen en ditos proxectos; así:*

*- A través do primeiro proxecto, inclúese o arranxo do acceso a Vilamoura.*

*- A través do segundo, a reposición das pontes na área recreativa de Ribadiso, a colocación dun novo pavimento na zona que esta acondicionada con pizarra, e o cambio do valado que cubre as pistas polideportivas, que será reemplazado por outro novo metálico, etc...*

*- A través do terceiro proxecto, está previsto acondicionar o contorno da carballeira do campo da feira, para evitar as pozas de agua que se forman cando chove, construindo alcorques de protección, tamén conservaranse ás árbores poñendo biomasa triturada, ao tempo que se botará un novo solo-cemento, acondicionaranse os bancos facéndolles unhas novas bases e se dotara ao recinto de mais papeleiras.*

*Dentro deste terceiro proxecto, en canto se refire ao parque infantil, crearse un pavimento adaptado para colocar uns xogos para os máis pequenos e protexerase o contorno cunha valla de madeira, esta actuación contempla tamén a colocación dunha varandilla metálica na parte sur (en fronte a Pescadería) e a colocación doutra barandilla onde están os polbeiros.*

*Con estas obras o que se pretende e mirar pola seguridade e tamén pola estética da carballeira.*

*Deseguido interveñen:*

*\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para indicar:*

*- Que lle parecen ben estas obras e sobre todo a obra da área recreativa de Ribadiso, porque hai moito tempo que non se leva a cabo ningún tipo de mantemento nesa zona.*

*- Que as papeleiras e moi importante poñelas por todos os lados, porque hai lixo en todas as esquinas.*

*\* O Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar:*

*- Que na área recreativa de Ribadiso fallou o mantemento, porque neste concello hai persoal suficiente para levalo a cabo e non deixar pudrir as madeiras, o cal despois supón un custo enorme para o concello, o ter que cambiar a madeira só por falta de mantemento.*

*- Que cre que os servizos de obras do concello deberían facer unha planificación do mantemento, para que cada ano se dea un repaso a esas zonas; así o custo para o concello sería mínimo, en relación co gasto que vai supoñer agora.*

*- Que a colocación da barandilla no lado sur do Campo da Feira e boa idea, polo que pide que se deixe un espazo entre a barandilla e o muro para poñer unhas xardineiras, ou de cara o futuro poder ornamentar a zona.*

*- Que quere facer fincapé en que se estableza o mantemento anual de Ribadiso, porque hai suficiente persoal para levalo a cabo, e se houbese un mantemento o material aguantaría moito mais.*

*Tras todo o exposto, a presidenta desta comisión informativa someteu a votación ordinaria a aprobación dos tres proxectos técnicos antes indicados.*

*Pronunciándose os sete concelleiros que integran esta Comisión informativa a favor de que o Pleno aprrobe eses tres proxectos técnicos.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:*

*- Que é moi necesario realizar un mantemento na zona de Ribadiso, porque non se realiza desde hai moitos anos.*

*- Que houbo protestas este verán, pola escasez de papeleiras e incluso contedores, porque están no “chiringuito”.*

*- Que o lixo non cabe nas papeleiras que hai, porque no verán é moita a xente que vai comer alí; polo que é necesario, aparte do mantemento da zona, colocar papeleiras.*

*\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:*

*- Que, tal como indicou na sesión da comisión informativa, as veces falla o que é o mantemento das cousas; e se, desde que se fixo a área de Ribadiso, se fixera unha planificación do mantemento, para evitar que se pudriran certas partes que son madeira (por exemplo, dándolles unha capa de barniz ou outros produtos), suporía un aforro enorme para o Concello; pero iso pasa tamén en moitos concellos.*

*- Que pedimos que se planifique o mantemento das cousas, porque iso supón un aforro de cartos para o concello.*

*\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:*

*- Que as obras que se van levar a cabo, incluídas nos tres proxectos técnicos citados, son importantes.*

*- Que ten que darlle a razón ao Sr. Orois Valiño co tema do mantemento, porque se pode aforrar diñeiro pero, aparte desa valoración, a área de Ribadiso é unha zona moi importante, porque por ela pasa moita xente e da a coñecer o que temos para*

compartir e ofrecer aos demais, como é a paixase, a cultura e nosa forma de actuar e de ser.

- Que ocorre o mesmo co Campo da Feira, porque todo o que se vai a facer alí é necesario, para acomodar o contorno das árbores, e darlle seguridade coas vallas que se van a colocar.

- Que cre que o importe do remanente de tesourería vai ben utilizado, independentemente de que haxa outras zonas a ter en conta.

\* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que a maioría dos Concellos van ter problemas para poder manter todas as obras que se fixeron.

- Que é necesario que a xente cambie un pouco a súa maneira de pensar, porque se di na emisora de radio que non se está facendo nada, cando si se esta facendo unha labor de mantemento, que quizás non supón tantos votos, pero si se están investindo moitos cartos niso, e é tan necesario como o resto.

Sendo competencia do Pleno do Concello a aprobación dos proxectos de obras, cando aínda non estean previstos no orzamento municipal, tal como se dispón no artigo 22 nº 2 letra ñ) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local.

Polo Sr. alcalde someteuse a votación ordinaria a aprobación dos tres proxectos técnicos indicados;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros integrantes desta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar os proxectos técnicos que deseguido se detallan:

**a) “Acceso en Vilamoura (Oines)”**, confeccionado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data agosto de 2014, por un orzamento de execución por contrata de **18.888,87 euros** (*15.610,64 euros, máis 3.278,23 euros en concepto de IVE ao 21%*), no cal se prevé un prazo de execución de seis meses.

**b) “Reposición e mellora de pavimentos no contorno do Campo da Feira de Arzúa”**, confeccionado polo arquitecto técnico municipal don Luis Fole Barrio, con data agosto de 2014, por un orzamento de execución por contrata de **51.339,08 euros** (*42.428,99 euros, máis 8.910,09 euros en concepto de IVE ao 21%*), no cal se prevé un prazo de execución de tres meses.

**c) “Reparación e mellora da área recreativa de Ribadiso”**, confeccionado polo arquitecto técnico municipal don Luis Fole Barrio, con data agosto de 2014, por un orzamento de execución por contrata de **26.642,94 euros** (*22.018,96 euros, máis 4.623,98 euros en concepto de IVE ao 21%*), no cal se preve un prazo de execución de tres meses.

**Segundo.**- Dar traslado dunha certificación deste acordo á Intervención municipal, aos efectos procedentes.

***Punto 8º) MODIFICACIÓNS A INTRODUCIR NO TEXTO DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE***

**ARZUA, APROBADO POLO PLENO DO CONCELLO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2014.**

**Punto 9º) MODIFICACIÓNS A INTRODUCIR NO TEXTO DO ACORDO REGULADOR PARA O PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE ARZUA, APROBADO POLO PLENO DO CONCELLO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2014.**

Coñecidas as modificacións que procede introducir tanto no convenio colectivo do persoal laboral, como no acordo regulador do persoal funcionario que prestaran servizo neste Concello; cuxas modificacións foron detalladas nos seguintes dous escritos, remitidos pola xefa de sección, do Servizo de Traballo e Economía Social, Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Traballo e Economía Social:

- Un deses escritos, de data 30 de xuño de 2014, en relación co expediente 15/01/0122/2014, referido ao convenio colectivo para o persoal laboral.
- E outro escrito, de data 25 de xuño de 2014, en relación co expediente 15/13/0121/2014, referido ao acordo regulador dos funcionarios.

Coñecidas tamén as actas das sesións celebradas, o día 4 de xullo de 2014, pola Mesa de Negociación do convenio colectivo e pola Mesa de Negociación do acordo regulador, por tratar das modificacións finais a introducir no texto dese convenio colectivo e dese acordo regulador; en cuxas sesións acordouse proceder á aprobación e ratificación formal, coa conformidade unánime dos membros presentes, do texto final tanto do convenio colectivo como do acordo regulador, cuxos textos quedaron unidos a ambas actas, respectivamente.

Polo Sr. alcalde infórmase que o asunto relativo ao convenio colectivo foi tratado pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, celebrada o día 4 de setembro de 2014, xuntamente co asunto referido ás modificacións a introducir no texto do acordo regulador para o persoal funcionario, (cuxos textos iniciais foran aprobados polo Pleno do Concello, na mesma sesión plenaria do día 30 de abril de 2014). E iso foi así, porque a presidenta de dita Comisión informativa Sra. Varela Duro, propuxo que o punto 8º) fose tratado conxuntamente co punto 9º), dado que o obxecto de ambos puntos era semellante; manifestando os demais concelleiros de dita comisión informativa que estaban de acordo.

Seguidamente o secretario, a requirimento do alcalde, dou lectura do ditame que emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, naquela sesión do día 5 de setembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Indica a Sra. Varela Duro (do BNG):*

*- Que enviados para a súa inscrición, tanto o convenio colectivo do persoal laboral, como o acordo regulador do persoal funcionario, aprobados polo Pleno do Concello na sesión de 30 de abril de 2014, á Xefatura Territorial da Coruña, Servizo de Traballo e Economía Social, a xefa de sección de dito servizo remitiu unha comunicación, onde se indican as correccións que habería que levar a cabo nos mesmos.*

*Deseguido interveñen:*

*\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que o convenio e moi importante para calquera concello e para os traballadores, polo que haberá que facer as modificacións que se piden.*

*\* O Sr. Orois Valiño (do PP):*

*- Que, na sesión que celebrou o Pleno o día 30 de abril, o seu grupo abstivose, porque viron que había cousas nos convenios que non se axustaban a legalidade; e supón que as modificacións iran nese sentido.*

*- Que van absterse outra vez, porque non saben cales foron as modificacións que se van introducir.*

*- Que o seu grupo faría outro tipo de convenio, pero respetan o que fixo o equipo de goberno.*

*Tras o exposto, a presidenta desta Comisión informativa someteu a votación ordinaria este asunto.*

*Adoptándose -por catro votos a favor (3 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e tres abstencións dos concelleiros do PP- o pronunciamento de propoñer ao Pleno do Concello a aprobación das modificacións indicadas pola xefa de sección do Servizo de Traballo e Economía Social, tanto para o convenio colectivo do persoal laboral como para o acordo regulador do persoal funcionario ao servizo desta entidade local.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:*

*- Que non vemos ningunha anomalía grave nin no convenio colectivo do persoal laboral nin no acordo regulador do persoal funcionario, sendo consensuados ademais -ese convenio e ese acordo regulador- cos traballadores, os sindicatos e o Concello.*

*- Que é importantísimo en calquera empresa e en calquera institución, polo ben dos traballadores e da empresa ou da institución.*

*\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:*

*- Que o grupo político do Partido Popular vaise a abster na votación destes dous asuntos, porque pensamos que faríamos outro tipo de convenio colectivo e outro tipo de acordo regulador, e chegaríamos seguro a outra clase de acordos cos traballadores.*

*- Que as modificacións que hai que introducir, no convenio colectivo e no acordo regulador, débense a que os que foron aprobados non se axustaban a legalidade.*

*- Que estamos de acordo con que debe haber un convenio para o persoal laboral e un acordo regulador para o persoal funcionario, pero nós defenderíamos outro tipo de convenio colectivo e acordo regulador, nos que seguramente tamén chegaríamos a un acordo cos traballadores e funcionarios.*

*\* Do Sr. alcalde para expoñer:*

- Que a maioría das modificacións que nos remitiu a Xunta de Galicia eran matizacións a nivel de redacción, realmente había moi poucas cousas importantes que cambiar.

- Que quere facer a observación de que este convenio non o fixo o equipo de goberno, senón que foi pasando por diferentes alcaldes, por iso retomouse no punto de partida onde se deixara anteriormente.

- Que está seguro de que non é un convenio perfecto, nin para o concello nin para os traballadores, pero é un punto de partida; e como se ten que revisar cada dous anos, neste sentido non haberá problema en realizar as adaptacións que se consideren necesarias.

- Que xa era hora de que houbera unha base, porque así –cando haxa problemas a nivel laboral- haberá que acudir ao que foi asinado.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde sometu a votación ordinaria a aprobación das correccións que procede introducir no convenio colectivo do persoal laboral e no acordo regulador do persoal funcionario, que figuran detalladas nos dous escritos remitidos pola xefa de sección, do Servizo de Traballo e Economía Social.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 dos concelleiros do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstencións dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** En canto ao convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Arzúa.- Aprobar as correccións que foron requiridas, as cales supoñen a modificación de dito convenio colectivo, para quedar redactado finalmente nos termos en que foi aprobado pola Mesa de Negociación na sesión celebrada o día 4 de xullo de 2014; ratificando agora a aprobación do texto final de dito convenio colectivo.

**Segundo.-** En canto ao acordo regulador para o persoal funcionario do Concello de Arzúa.- Aprobar tamén as correccións que foron requiridas, as cales supoñen a modificación de dito acordo regulador, para quedar redactado finalmente nos termos en que foi aprobado pola Mesa de Negociación na sesión celebrada o día 4 de xullo de 2014; ratificando agora a aprobación do texto final de dito acordo regulador.

**Terceiro.-** En consecuencia cos dous acordos anteriores, manter aqueles puntos dos acordos adoptados polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o día 30 de abril de 2014, sobre aprobación do convenio colectivo do persoal laboral (*Punto 3º da súa Orde do día*) e sobre aprobación do acordo regulador do persoal funcionario (*Punto 4º da súa Orde do día*), en canto a aquilo que non fora obxecto de modificación, como consecuencia das correccións que quedaron aprobadas a través dos puntos **primeiro** e **segundo** do acordo agora adoptado.

**Cuarto.-** Facultar ao Sr. alcalde para que adopte as resolucións que procedan para a mellor execución dos tres acordos anteriores.



**Punto 10º) DESIGNACIÓN DOS DOUS DÍAS QUE SE CONSIDERÁN FESTIVOS LOCAIS NESTE CONCELLO PARA O ANO 2015.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 4 de setembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro (do BNG) informase que, -como non ten noticias de que a Asociación de Empresarios de Arzúa presentara ningunha proposta en relación coa designación dos dous días, que o Pleno do Concello acordara como festivos de carácter local para o vindeiro ano 2015-, o grupo político do Bloque Nacionalista Galego (representado nesta comisión) propón que ditos días sexan o día do Carme (xoves) e o día de San Xoan (mércores).*

*Con cuxa proposta mostra a súa conformidade, en principio, a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), incidindo en que outro día que podería ser tido en conta, sería o martes de Carnaval, pero nese día xa non se suele traballar pola tarde en moitas empresas.*

*Mentres que os tres integrantes do grupo político do Partido Popular, presentes nesta sesión, consideran que este asunto debe quedar pendente para a súa decisión polo Pleno do Concello, na sesión que celebrará a vindeira semana, por se ata entón se presenta ao respecto unha proposta da Asociación de Empresarios de Arzúa, que se considere procedente tela en conta.*

*Adoptándose –por unanimidade dos sete membros integrantes desta comisión informativa- o acordo de deixar este asunto pendente para o seu pronunciamento na sesión que celebre o Pleno, polo motivo indicado.”*

---

Seguidamente o Sr. alcalde informou que tiña a solicitude que lle presentou a Asociación de Empresarios, cuxo texto é o seguinte: *“O presidente en nome da asociación expón que, celebrada unha reunión coas industrias da comarca de Arzúa, puxose de manifesto a necesidade de que –no calendario laboral do ano 2015- os festivos locais non perxudiquen a actividade produtiva, e solicitan que os festivos locais sexan o día da festa do Carme, como foi no ano 2014, por ser a patrona, e o Luns de Pascua ou o Martes de Carnaval, por ser os días que solicitaron os traballadores”.*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, como dixo na sesión da comisión informativa, é normal que un dos dous días festivos sexa o día do Carme por ser a patroa de Arzúa, e o día de San Xoan tamén lle gusta moito aos veciños, porque de feito a noite de San Xoan quedanse ata moi tarde, polas celebracións que se fan.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que ao grupo político do Partido Popular lle gustaría dar a súa prevalencia a aquelas festas campestres como a de A Mota, o San Froilan u outras tamén arraigadas neste concello, para que desta forma tiveran un pouco de protagonismo as parroquias, que tamén o merecen.

- Que, respecto á proposta da asociación de empresarios, non nos podemos opoñer a ela, aínda que considera que non hai que escoitar só aos empresarios; tamén hai que escoitar aos labregos, aos gandeiros e á xente que vén á feira.

- Que, como agora non temos máis proposta que a da asociación de empresarios, considera que non teríamos máis remedio que defendela e aceptala.

\* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que, polo que lle chega á Alcaldía, parece ser que hai colectivos aos que non lles gusta moito o Luns de Pascua; privase aos pais de estar un día máis cos fillos, porque ese día xa é festivo nos centros educativos.

- Que, en canto ao Martes de Carnaval, non é de moito agrado porque ese día pola tarde non se suele traballar.

- Que o ano pasado tivo queixas pola designación que se fixera o ano anterior do día de A Mota como festivo.

- Que apoia o que dixo a Sra. Balado Conde de que un dos días, que máis consenso teñen hoxe, é o día de San Xoan; porque se se designa como un dos dous días a aquel en que se celebra a festividade do Carme, que afecta só aos veciños da villa, habería que ter en conta tamén aos das parroquias, e se hai unha festa que se celebra en moitas parroquias é o San Xoan.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a designación dos dous días que terán a consideración de festivos locais, para o vindeiro ano; fixando os termos desta votación, na designación deses dous días a favor do día do Carme e do día de San Xoan.

Pronunciándose a favor os seis integrantes do grupo político do Bloque Nacionalista Galego e a concelleira do PSdeG-PSOE, absténdose os seis concelleiros do Partido Popular. Polo que, en consecuencia, quedou acordado:

**Primeiro.**- Designar como días festivos locais neste termo municipal, para o ano 2015: o xoves, día 16 de xullo, por ser o día no que se conmemorará a festividade de Nosa Señora do Carme e o mércores, día 24 de xuño, para conmemorar a festividade de San Xoan; ambos con carácter retribuído e non recuperable.

**Segundo.**- Dar traslado dunha certificación deste acordo ao xefe territorial de traballo e benestar, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, para que se dispoña a inclusión -no Calendario Laboral do ano 2015- dos dous días que quedaron designados.

*Punto 11º) SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE NACIONAL PARA A FESTA DO QUEIXO.*

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 4 de setembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Manifesta a presidenta desta comisión Sra. Varela Duro (do BNG):*

*- Que elaborouse un dossier, no cal constan as razóns para que a Festa do Queixo sexa declarada de interese nacional; tal declaración sería de gran importancia para este Concello.*

*- Que hai moitas razóns polas cales pode solicitar esta declaración, porque é unha festa que esta moi arraigada na nosa comarca, ten interese cultural, económico, sociolóxico, etc....*

*Inteveñen deseguido:*

*\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para manifestar:*

*- Que lle parece importantísimo, e isto xa tiña que estar feito hai moito tempo.*

*- Que xa na outra lexislatura, dende o grupo do PSOE, se fixera unha recollida de sinaturas sobre este tema, recolléndose sobre catro mil sinaturas; incluso o día da Festa do Queixo puxeron un stand, para a recollida de sinaturas, e foi un erro non seguir con este tema.*

*- Que se ao equipo de goberno lle fan falta aquelas sinaturas, que recolleron, non teñen problema ningún en aportalas.*

*\*O Sr. Orois Valiño (do PP), para indicar que -como xa hai anos que se realizou a recollida de sinaturas- iso non terá validez, porque habería que actualizalas.*

*\* A Sra. Varela Duro (do BNG), para manifestar que esas sinaturas poderíanse mandar a modo de recordatorio.*

*Tras o exposto, a presidenta desta comisión informativa someteu a votación ordinaria este asunto.*

*Adoptándose –por unanimidade dos sete membros integrantes desta comisión informativa- o pronunciamento de propoñer ao Pleno do Concello que adopte o acordo de solicitar a declaración de festa de interese nacional para a Festa do Queixo.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:*

*- Que lle parece unha idea moi boa, porque temos todas as características para que a Festa do Queixo sexa declarada de interese turístico nacional.*

*- Que ese recoñecemento sería moi importante tanto para Arzúa como para toda a comarca.*

*- Que hai uns catro anos desde a agrupación socialista fixemos unha campaña de recollida de sinaturas, e recollimos sobre 4.000 sinaturas, aínda que moitas das*

persoas que asinaron xa non están; pero sí nalgún momento fixeran falla témolas a disposición. Porén non se seguiu con ese asunto por problemas alleos.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que en primeiro lugar quere felicitar ao Partido Socialista por adiantarse con esa recollida de sinaturas.

- Que desde o grupo político do Partido Popular apoiamos que a Festa do Queixo se declare festa de interese turístico nacional, porque o merece Arzúa e Galicia, e a nivel de España sería un valor engadido importante.

- Que quere dar as grazas ao Partido Socialista por poñer interese no seu día, neste asunto, e tamén ao equipo de goberno por poñer encima da mesa algo que beneficia a todos os arzuáns.

\* Do alcalde para expoñer:

- Que os requisitos que hai que ter en conta para que a Festa do Queixo sexa declarada de interese turístico nacional, son os seguintes:

1) A antigüedad da celebración da festa, que o vindeiro ano cumprirá corenta anos.

2) A súa continuidade no tempo, sen que transcorran máis de cinco anos entre unha festa e outra; de feito vai levar celebrándose corenta anos ininterrompidamente.

3) O arraigo da festa na localidade, o que implica a participación cidadana no desenvolvemento da festa.

Para avaliar este aspecto, considerarase a existencia de asociacións, peñas ou outras agrupacións semellantes de cidadáns que a respalden. Este feito verificarase con documentos acreditativos, como son os estatutos da Asociación da Festa do Queixo.

4) A orixinalidade e diversidade dos actos que se realicen. Sendo de reseñar que desde hai uns oito anos douselle unha amplitude, coa apertura doutro día máis e coa programación de distintas actividades culturais, gastronómicas, etc...

-Que tamén fai falta achegar á solicitude de declaración de festa de interese turístico nacional, unha memoria explicativa; a cal xa foi elaborada e consta de 247 folios. Esta memoria non se fixo antes proque había que cumprir unha serie de requisitos, como son un mínimo de vinte actuacións promocionais en medios de prensa escrita, radios e televisión, e isto non se consegue rapidamente.

- Que esta memoria realizouna a persoa que vén axudando na organización e comunicación da Festa do Queixo durante estes últimos oito anos; a cal tomou a festa con tanto interese como se fose de Arzúa, e os grandes cambios que houbo na festa foron debidos ao seu traballo, sobre todo de comunicación.

- Que na memoria ten que constar a publicidade que se fixo e os investimentos do contorno, que foron pedidos ao técnico para que os recopilase, como foi o caso da construción do edificio “Terra do Queixo” ou das actuacións que se fixeron a nivel ambiental cos carballos no Campo da Feira.

- Que toda esa documentación hai que enviala á Secretaría Xeral de Turismo, para que dea o visto e praxe e para que o envíe ao Ministerio.

- Que tamén pide a colaboración do Partido Popular na Secretaría Xeral de Turismo, para que acelere o proceso, porque neste caso terá máis influencia, para ver se

podemos chegar ao corena aniversario da Festa do Queixo coa concesión da súa declaración como festa de interese turístico nacional.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria este asunto, fixando para iso os termos da votación.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- os acordos seguintes:

**Primeiro**.- Solicitar a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional para a Festa do Queixo de Arzúa, que se vén celebrando de maneira ininterrumpida desde hai trinta e nove anos, o primeiro domingo de cada mes de marzo, salvo cuando –por coincidir cun proceso electoral- se trasladou ao seguinte domingo; e que nos últimos oito anos ampliou a súa celebración tamén ao sábado anterior a ese domingo.

**Segundo**.- Considerar que a Festa do Queixo de Arzúa supón unha manifestación de valores culturais e de tradición popular, con especial consideración as súas características etnolóxicas, que teñen unha especial importancia como atractivo turístico.

**Terceiro**.- Facer constar que a Festa do Queixo de Arzúa, -que o vindeiro mes de marzo do ano 2015 celebrará a súa corenta edición-, foi declarada xa Festa de Galicia de Interese Turístico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, de data 17 de xuño de 1999, a proposta do Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o cal foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 131 de 9 de xullo de 1999.

**Cuarto**.- Facultar ao Sr. alcalde para que adopte as resolucións que procedan, para impulsar e realizar os trámites que son precisos para conseguir a finalidade indicada.

***Punto 12º) MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, SRA. BALADO CONDE, CON DATA 22 DE AGOSTO DE 2014, REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 2.613, EN CONTRA DOS RECORTES NA LEI DE DEPENDENCIA.***

Sendo o texto de dita moción o seguinte:

*“Durante o goberno de José Luis Rodríguez Zapatero aprobouse a Lei 39/2006, do 14 de decembro, nomeada de “Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia”, e coñecida como a Lei de Dependencia. Esta lei foi aprobada cun alto grao de acordo das forzas políticas parlamentarias, ademais de contar coa participación das comunidades autónomas, as entidades locais, os axentes sociais e o movemento asociativo. España avanzaba con esta Lei cara á consolidación do estado social e democrático de dereito que proclama a nosa Constitución, xa que nos encontramos ante unha norma legal cunha enorme transcendencia, posto que se vai ocupar de regular a protección da dependencia, á que se cualifica como o “cuarto pilar do Estado do Benestar”. E debe recoñecérselle a*

*conveniente importancia, porque a dependencia foi unha materia á que só indirectamente se prestara atención mediante diferentes prestacións enmarcadas fundamentalmente no ámbito de protección do sistema de Seguridade Social (pensións por grande invalidez ou invalidez non contributiva).*

*A Lei reconece o dereito subxectivo das persoas que non poidan valerse por se mesmas a ser atendidas polos poderes públicos, un dereito universal para toda a poboación con garantía pública. Para poñelo en marcha establecíase a cooperación de todas as administracións implicadas e creábase o Sistema para a Autonomía á Dependencia, que contaba cun calendario de implantación que se analizaría en forma gradual ata 2015.*

*Ata novembro de 2011 o Sistema foise implantando segundo o previsto. Naquel momento, un 80,7% de persoas beneficiarias enquisadas consideraban positiva ou moi positiva a atención que recibían. En decembro de 2011, poucos días despois da constitución do actual Goberno presidido por Mariano Rajoy, decidiuse paralizar o calendario de aplicación da lei, impedindo ás persoas con dependencia moderada acceder a unha prestación ou servizo.*

*Nos primeiros orzamentos xerais do Estado que elaborou o Goberno do Partido Popular, e correspondentes ao ano 2012, eliminouse a partida para o nivel acordado que ascendía a 283 millóns de euros. Nos anos 2013 e 2014 o goberno de Mariano Rajoy volveu a suprimir o nivel de financiamento previsto na Lei de Dependencia.*

*O Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, introduciu numerosas modificacións na regulación do Sistema, que causaron enorme prexuízo ás persoas en situación de dependencia. Entre elas destacan:*

- A supresión dos dous niveis en que se dividía cada grao.*
- A redución nun 13% da achega da Administración Xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo.*
- A redución nun 15% da prestación económica por coidados no ámbito familiar.*
- A revisión da regulación do convenio especial no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais, cuxas cotizacións pasan a ser exclusivamente ao seu cargo.*
- A aplicación dun prazo suspensivo de ata dous anos para as novas prestacións económicas por coidados no ámbito familiar.*
- Unha nova revisión do calendario para atrasar aínda máis a entrada de dependentes moderados.*
- A introdución dun réxime de incompatibilidades das prestacións.*
- A exclusión do silencio positivo ao recoñecemento das prestacións económicas para coidadores no ámbito familiar.*

*A iso hai que engadir que a Resolución do 13 de xullo de 2012, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, aproba os criterios e contidos sobre capacidade económica e participación do beneficiario no*

*custo das prestacións para a autonomía e atención á dependencia. Os novos criterios, aínda non publicados mediante Real Decreto, supoñen un importante incremento do copagamento. Pero ademais, permítese ás comunidades autónomas establecer unha maior participación do beneficiario no custo dos servizos e das prestacións económicas; medida á que desgraciadamente se sumou o goberno da Xunta de Galicia.*

*En definitiva, o Goberno do Estado reduciu o contido esencial do dereito e realizou importantes recortes orzamentarios, co dramático resultado de que os beneficiarios están a recibir servizos e prestacións claramente insuficientes; ao tempo que se encontran sen atender centos de miles de persoas en situación de dependencia.*

*Polo que respecta ao financiamento estatal do Sistema, hai que destacar o enorme retroceso que sufriu: de soportar o 40% do custo do sistema no ano 2009, a Administración Xeral do Estado pasou a facerse cargo do 19% en 2013. Neste período, a achega das comunidades autónomas tamén sufriu modificacións, e o copagamento das persoas usuarias duplicouse.*

*A esta política de desmantelamento do sistema de dependencia impulsada polo Goberno de Mariano Rajoy temos que engadir a compracencia do Goberno de Galicia, que lonxe de tratar de frear o impacto destes recortes das persoas usuarias traballou para situar a Galicia entre as comunidades autónomas cun comportamento peor en todos os parámetros:*

*- A media do gasto público de persoa dependente atendida en Galicia é de 6.515 euros, fronte aos 6.979 euros de media do Estado; e moito por debaixo doutras comunidades autónomas do norte con semellante distribución demográfica que chegan 8.057 euros.*

*- O gasto en dependencia por habitante e ano é en Galicia de 91,92 euros; a metade que en Cantabria, por exemplo, e un 16% menos que no conxunto do Estado en valores absolutos.*

*- Desde o ano 2011 non deixan de descender as persoas con dereitos a prestacións recoñecidas, se daquela estábamos en 89.640 persoas, o cómputo total de 2013 é de 56.835 persoas con dereito recoñecido das cales máis de 18.000 seguen no limbo, é dicir, sen recibir ningún tipo de prestación.*

*En definitiva, coa chegada o Partido Popular ao goberno do estado, na práctica estase a baleirar de contido o dereito á promoción da autonomía persoal e atención á dependencia. Ademais, de estarse a vulnerar o principio de igualdade, xa que non existe un contido mínimo común de dereito, e os principios inspirados do Sistema: carácter público das prestacións, universalidade, equidade e accesibilidade, están claramente cuestionados.*

*As decisións dos gobernos do Estado e de Galicia leváronnos a unha situación na que resulta evidente a necesidade de reformular o Sistema. Existe un alto grao de consenso entre responsables políticos de todos os ámbitos, profesionais e beneficiarios respecto a que, neste momento, é necesario intervir para garantir de forma efectiva o dereito das persoas en situación de dependencia; e para iso debe crearse un grupo de traballo específico cos respresentantes dos grupos parlamentarios, que realice unha*

*avaliación sobre a lei, as modificacións levadas a cabo, a súa aplicación, os seus resultados, así como para analizar que medidas son necesarias para manter e garantir a sostibilidade do Sistema.*

*Por todo iso, o grupo municipal socialista no Concello de Arzúa somete a votación a seguinte MOCIÓN:*

*1.- Amosar o máis enérxico rechazo do Concello de Arzúa aos recortes que se están producindo na Lei 39/2006 do 14 de decembro, e coñecida popularmente como Lei de Dependencia; xa que están a producir un sufrimento inmerecido a milleiros de galegos e galegas.*

*2.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia para que:*

*- Se estableza as partidas necesarias nos orzamentos da Xunta de Galicia dos vindeiros anos, para que o gasto público por persoa dependente atendida sexa, polo menos, superior á media do Estado e se equipare coa das comunidades autónomas do norte con semellante distribución demográfica que Galicia.*

*- Que sexan atendidas todas as persoas dependentes que xa teñen recoñecido algún grao de dependencia, e que aínda están á espera de recibir a prestación ou o servizo que lles corresponde.*

*3.- Instar ao Goberno de Estado a que impulse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos grupos parlamentarios e comunidades autónomas, co obxectivo de alcanzar un amplo acordo para garantir a sostibilidade, o desenvolvemento e o financiamento por parte das administracións públicas do Sistema de autonomía e atención á Dependencia. Para iso, realizarán unha avaliación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.”*

---

Coñecido o contido desta moción, polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 4 de setembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Indica a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE):*

*- Que a base da moción son os recortes na Lei de Dependencia; xente que esta na residencia vai ter que deixala porque non vai poder pagala, xa que nalgúns casos recortáronse entre 270 e 280 euros.*

*- Que as familias, na situación económica na que nos atopamos, non van poder pagar as residencias; e é un servizo básico que necesita tanto a xente maior como a que non e tan maior.*

*Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:*

*\* Polo Sr. Orois Valiño (do PP), para manifestar:*

*- Que estudiaran a moción para o Pleno, e seguramente que non votaran a favor dela, porque é ir en contra dos criterios da Xunta de Galicia.*

*- Que existe unha parte de razón nesta moción, pero como se pasou dunha situación de bonanza a outra de crise, e había que facer recortes, supón que se a Xunta actuou desa maneira foi porque non tivo outro remedio.*



*\* Pola Sra. Varela Duro (do BNG), para expoñer:*

*- Que esta de acordo coa moción, porque a situación actual é moi alarmente e moi grave; e sempre se fan os recortes en contra dos dereitos dos máis débiles, sobre as clases excluíntes.*

*- Que se a Xunta de Galicia ten que recortar, debería facelo en dietas dos políticos, nos soldos, en actos públicos, en coches oficiais, en asesores; porque ás veces hai unha desmesura neste tipo de gastos, os cales se poden suprimir.*

*- Que como políticos temos que loitar para que haxa máis igualdade social.*

*\* Indica o Sr. Orois Valiño (do PP), que supón que a Xunta terá unhas prioridades, pasouse dunha situación de abuso por parte do cidadán a outra de abuso por parte da Administración, e buscar un equilibrio é moi difícil.*

*\* Indica a Sra. Varela Duro (do BNG), que hai que facer políticas máis xustas, orientadas as clases menos favorecidas, a política ten que defender aos máis débiles e velar pola seguridade, sanidade e educación sobre todo das clases máis baixas.*

*\* Manifesta o Sr. Orois Valiño (do PP), que está de acordo con que hai que axudar aos máis débiles, pero tamén considera que as políticas igualitarias son nefastas, porque non se pode premiar o mesmo a quen aforra que a quen non o fai, xa que moitas veces se está premiando a quen vive a vida.*

*Tras o exposto, adoptouse –por catro votos a favor (3 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) coa abstención dos tres concelleiros do PP- o pronunciamento de subcribir as tres propostas de acordo que contén esta moción.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:*

*- Que a base desta moción son os recortes que se están facendo desde a Xunta de Galicia.*

*- Que hai moita xente en Galicia, e por tanto tamén en Arzúa, que non se pode valer por se mesma e moitas persoas que están na residencia van ter que deixala, porque non van poder pagar o seu custo, nin por sí mesmos nin os familiares.*

*- Que nalgúns casos recortan ata 280 euros, e considera que isto é moi serio porque está afectando ás persoas máis débiles.*

*- Que se van suprimir moitos postos de traballo, e a conciliación laboral das mulleres vai ir a peor con estes recortes.*

*\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:*

*- Que a moción non se pode debatir facilmente, porque presentada da forma que fixo a Sra. Balado Conde todos estaríamos de acordo en que hai que axudar aos máis débiles e necesitados.*

*- Que o que falla na Lei de Dependencia, como noutras, son os criterios polos que hai que dar unha determinada axuda a unha persoa, e eses criterios foron tan lasos*

que permiten que haxa xente, cunha situación económica moi boa, que poida recibir axuda por dependencia; e iso non pode ser.

- Que antes de nada os Concellos deberían esixir os criterios que se terían que ter en conta, para que se poidera dar a axuda á dependencia e a que se dese; polo que propón que se fale de establecer uns criterios.

- Que a Xunta de Galicia viuse entre a espada e a parede, porque o Goberno central recortoulle en dependencia.

- Que deberíamos precisar todos que criterios se requiren, proque hai xente que está recibindo axudas e non necesita nada. O que falla son os criterios.

- Que lembra que, na sesión da comisión informativa, a Sra. Varela Duro dixo que cando alguén se mete nunha residencia, e é abandonado polos fillos que están ben situados economicamente, ten que dar máis pena, e esta de acordo; pero tamén considera que a eses fillos que abandonan aos seus pais habería que iralles ao peto.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que ocorre que o Partido Popular ten a capacidade de utilizar argumentos moitas veces engañosos, para convencer sempre do que di.

- Que o Partido Popular non utiliza uns criterios aceptables para facer os recortes, pois ao igual que hai que ter uns criterios para dar, hai que ter outros criterios para recortar, e non facer recortes indiscriminadamente e arrasando.

- Que hai xente que o está pasando moi mal, hai xente á que lle falta o mínimo para poder levar unha vida digna. É imposible igualar desde a desigualdade.

- Que o Partido Popular ten que baixar á realidade e facer un estudio de campo. Recortar si, pero que se recorten eles, e preguntase ¿por que tanto derroche?

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que os criterios non os temos que propoñer nós desde o concello, senón quen nos está recortando.

- Que haberá xente que non necesita a axuda, ou que estea cobrando unha paga que non era necesaria, pero a maioría necesitan.

- Que estamos falando de xente maior que ve mermados os seus dereitos ao final da súa vida.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que xa dixo que era difícil rebatir esta moción, pero si é fácil comprender que hai que establecer uns criterios.

- Que a maior parte dos concelleiros e alcaldes dos municipios son xente normal e corrente, pero si lles preguntásemos que criterios habería que seguir neste tema, meteriamolos nun problema.

- Que á xente que leva unha vida desordenada non se lle pode tratar igual que á xente aforradora, e resulta que esta é a peor tratada.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que hai moita xente e familias que estano pasando mal, e que por ese motivo xa están practicando unha política de austeridade; e estas persoas non entenden que se fagan determinados investimentos, cando eles están vivindo mal.

- Que, desde a esquerda, sempre se loitou por unha vida digna, e iso estase perdendo por culpa do Partido Popular.

\* Do Sr. alcalde para expoñer, que para recibir esas axudas a xente ten que cumprir unha serie de requisitos, e non todo o mundo pode acceder a esas axudas; de feito a grande maioría que ten concedidas as axudas é porque as necesita. E considera que é máis importante atender esas necesidades que gastar diñeiro na Volta ciclista a España, ou na intervención paixasística da Cidade da Cultura, ou pagar 640.000 euros nunha campaña de publicidade para que se procee.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do Partido Popular e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Amosar o máis enérxico rechazo do Concello de Arzúa aos recortes que se están producindo na Lei 39/2006 do 14 de decembro, e coñocida popularmente como Lei de Dependencia; xa que están a producir un sufrimento inmerecido a milleiros de galegos e galegas.

**Segundo.**- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia para que:

- Se estableza as partidas necesarias nos orzamentos da Xunta de Galicia dos vindeiros anos, para que o gasto público por persoa dependente atendida sexa, polo menos, superior á media do Estado e se equipare coa das comunidades autónomas do norte con semellante distribución demográfica que Galicia.

- Que sexan atendidas todas as persoas dependentes que xa teñen recoñecido algún grao de dependencia, e que aínda están á espera de recibir a prestación ou o servizo que lles corresponde.

**Terceiro.**- Instar ao Goberno de Estado a que impulse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos grupos parlamentarios e comunidades autónomas, co obxectivo de alcanzar un amplo acordo para garantir a sostibilidade, o desenvolvemento e o financiamento por parte das administracións públicas do Sistema de autonomía e atención á Dependencia. Para iso, realizarán unha avaliación da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

## B)) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL:

***Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2013.***

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta

das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de decembro de 2013 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 29 de novembro de 2013 (*da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 30 de abril de 2014*)- ata a ditada o día 31 decembro de 2013.

Estando referida a primeira resolución (*reflectida no folio 7.511*) a autorización para que sexa emitida na Emisora municipal de Radio, durante un prazo de tres meses, a cuña publicitaria solicitada por don Luis Javier Cascón Quintela, dos veces ao día e en diferentes horarios de emisión; así como á aprobación da liquidación a que ascende a contía do prezo público, por razón da emisión de dita cuña publicitaria; mentres que a última resolución (*reflectida no folio 7.567 e volto*) á aprobación de facturas, cuxo importe individualizado e inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que se reservara o alcalde para dispoñer de gastos, posto que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe –dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011.

Tendo en conta:

-Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

-Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

***Punto 2º) DAR CONTA DO DECRETO DITADO POLO ALCALDE O DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2014, SOBRE DELEGACIÓN DE FUNCIONS NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE.***

Dáse conta do seguinte decreto ditado polo Sr. alcalde con data 2 de setembro de 2014:

*“Tendo que ausentarse do municipio de Arzúa este alcalde, durante os días 3, 4 e 5 (mércores, xoves e venres) do presente mes de setembro, para poder atender determinados asuntos de carácter particular.*

*Como queira que o réxime de delegacións efectuadas pola Alcaldía a favor dos tenentes de alcalde (designados en virtude do Decreto de data 2 de novembro de 2012) comprendía tamén a totalidade das funcións e das facultades correspondentes á Alcaldía incluso a de ditar resolucións, para os casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento que imposibilitase ao alcalde para o desempeño das súas funcións.*

*Esta Alcaldía RESOLVEU:*

**Primeiro.**- Delegar na primeira tenente de alcalde dona María del Carmen Torreiro González as funcións e facultades correspondentes á Alcaldía a que se fixo referencia, para que poidan ser exercitadas durante o período indicado, por razón da ausencia deste alcalde.

**Segundo.**- Notificar a presente resolución á primeira tenente de alcalde Sra. Torreiro González, para o seu debido coñecemento; facéndolle saber que os seus efectos produciranse desde o mesmo momento da notificación.

**Terceiro.**- Dar conta desta resolución ao Pleno do Concello, na primeira sesión que celebre.”

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

***Punto 3º) DAR CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN ESIXIDOS POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.***

Polo secretario indícase que eses informes refírense ao **primeiro** e ao **segundo trimestre** do presente exercicio económico, cuxos informes foron emitidos pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurran máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3

nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron os seguintes informes:

\* **Un**, con data 29 de abril de 2014, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xaneiro e 31 de marzo de 2014, salvo erro ou omisión involuntario, obtense a seguinte información:

**a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no primeiro trimestre de 2014:**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	114	229
Importe total	231.080,73 euros	314.490,56 euros

**b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	161	23
Importe total	139.426,09 euros	78.923,02 euros

**c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).**

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

\* **Outro**, con data 20 de agosto de 2014, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de abril e 30 de xuño de 2014, salvo erro ou omisión, obtense a seguinte información:

**a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no segundo trimestre de 2014:**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	270	140
Importe total	433.746,79 euros	216.621,46 euros

**b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre** (artigo 4 n° 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	146	0
Importe total	231.700,94 euros	0 euros

**c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga** (artigo 5 n° 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Quedar enterados da información facilitada polo tesoureiro e pola interventora.

**Segundo**.- Dar traslado dos informes emitidos, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

***Punto 4º) DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN EMITIDO AO ABEIRO DO ARTIGO 218 DO REAL DECETO LEXISLATIVO 2/2004, POLO QUE SE APROBOU O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.***

Dase conta do informe de intervención de data 27 de agosto de 2014, emitido en aplicación do artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, a través de cuxo informe ponse de manifesto o seguinte:

*1.- Resolucións adoptadas polo Presidente da Corporación contrarias aos reparos efectuados.*

*Resolucións de alcaldía de datas 20/06/2013, 31/07/2013, 28/08/2013, 03/10/2013, 29/10/2013, 02/12/2013, 26/12/2013.*

*Estas resolucións foron emitidas, logo dos informes de reparo da intervención municipal de data 20/06/2013, 30/07/2013, 28/08/2013, 01/10/2013, 28/10/2013, 29/11/2013 e 26/12/2013.*

*A intervención municipal emitiu informe de reparo ao recoñecemento de obrigas económicas derivadas da aprobación das facturacións relacionadas no cadro incluído no apartado A) do informe, ao constatar a omisión de requisitos e trámites esenciais por ausencia de procedemento de contratación, conforme aos procedementos establecidos na lexislación de contratos do sector público, así como outros que teñen expirada a vixencia do contrato que lles daba cobertura xurídica sen que se promovera unha nova licitación pública.*

*Nas datas 20/06/2013, 31/07/2013, 28/08/2013, 03/10/2013, 29/10/2013, 02/12/2013 e 26/12/2013, a alcaldía resolveu as discrepancias plantexadas e procedeu á aprobación das facturas coa seguinte motivación:*

*“Examinadas as facturas seguintes, que foron presentadas polas persoas e entidades que a continuación se relacionan, procederase a impartir instrucións co obxecto de tramitar os expedientes de contratación oportunos para cubrir os servicios necesarios que non estén amparados nun contrato vixente e debidamente formalizado. Non obstante, e xa que non se efectuou reparo no relativo á comprobación da efectiva prestación dos servicios facturados, o pago é obrigado para evitar unha situación de enriquecemento inxusto por parte da Administración”.*

## *2.- Anomalías en materia de ingresos*

*Pola intervención municipal infórmase de que en materia de ingresos non se observan anomalías importantes, incidindo na ausencia de liquidacións definitivas no imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras; na ausencia de liquidacións da taxa por ocupación da vía pública con vallas ou andamios; na necesidade de actualizar as bases tributarias nas taxas por ocupación da vía pública con mesas e sillas, por entrada de vehículos a través de beirarrúas ou pola prestación do servizo derecollida de lixo; e na inexistencia de liquidacións de recargos e intereses en vía executiva, debido ás carencias da actual aplicación informática de xestión e recadación de ingresos de dereito público.”*

Tras preguntar o Sr. alcalde se alguén quería que se realizase algunha aclaración sobre dito informe; o Sr. Orois Valiño (do PP) solicitou ao Sr. alcalde se podía preguntar á interventora sobre os reparos de legalidade que formulara a través do seu informe, porque parece ser que hai certas facturas que se están pagando sen haber licitación pública; e a xustificación do concello (para o pago desas facturas) é que sería para evitar que haxa un enriquecemento inxusto por parte da Administración; e considera lóxico que quen fai un traballo teña que cobralo, pero tamén considera que se está perxudicando a empresas que poderían concurrir á contratación dese tipo de servizos.

Polo que lle gustaría que, como esperta, a interventora especificase os reparos que se fixeron neses casos e as anomalías que se detectaron en materia de ingresos; así como as resolucións adoptadas polo Presidente da Corporación.



Previa concesión do uso da palabra interviu a interventora, para expoñer o seguinte:

- Que este é o informe que se emite ao abeiro do artigo 218 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, sobre as resolucións da alcaldía contrarías aos reparos efectuados pola intervención municipal, así como as principais anomalías en materia de ingresos. En anos anteriores este informe formaba parte da documentación da Conta Xeral, pero a partir da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, é obrigatorio incluílo nun punto independente da orde do día.

- Que no informe póñense de manifesto as datas das resolucións da alcaldía, do ano 2013 contrarias aos reparos emitidos pola intervención municipal, basados todos eles na aprobación de facturas de servizos que non derivan dun contrato tramitado conforme á normativa de contratos do sector público, ou que derivan dun contrato coa súa vixencia expirada. O alcalde resolve en contra do reparo, basándose na imposibilidade de que a administración obteña un enriquecemento inxusto. Hai que dicir que algúns destes contratos xa foron regularizados mediante a tramitación dos correspondentes expedientes de contratación administrativa, e a alcaldía en varias reunións (nalgunhas das cales esta interventora estaba presente) recalcou aos servizos municipais a necesidade de axilizar estas contratacións en aras de resolver a situación existente.

- Que, no apartado de ingresos, non se trata de indicar reparos da intervención en materia de ingresos, senón de poñer de manifesto anomalías importantes. Como anomalías máis importantes incídese na ausencia de liquidacións definitivas no imposto sobre instalacións, construcións e obras, así como a ausencia de liquidacións en concepto de intereses e recargos, por presentación de autoliquidacións extemporáneas ou por pago fóra do prazo de recadación en voluntaria, antes da notificación da providencia de apremio. Esta anomalía é causa da actual aplicación de recadación que proporciona a Deputación que, entre outras cousas, non permite xerar as liquidacións cos formatos do Consello Superior Bancario introducindo os códigos de barras, cuestión que se está solventando na propia Deputación Provincial, xa que ten previsto proporcionar asos concellos da provincia unha nova aplicación de xestión e recadación de ingresos.

Finalmente interviu o Sr. alcalde para informar:

-Que, con respecto ás contratacións, nós estamos facendo o posible para poñelas ao día, e de feito fixemos moitas; algunhas delas xa estan outra vez contratadas, como foi o caso do mantemento da depuradora, ou o dos ascensores dos edificios municipais, e agora estamos a punto de sacar o servizo de internet nos locais sociais ou o servizo de prevención de riscos laborais, para o cal encargou xa a elaboración das prescricións técnicas.

-Que as súas ordes son que se poña todo ao día.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

*Punto 5º) **ROGOS E PREGUNTAS.**-*

Tras preguntar o Sr. alcalde se se ía a formular algún rogo ou pregunta; sen que se formulase ningún. Non se fixo uso deste punto da Orde do día.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 22.10 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.